

Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS: ESTRUCTURA
ÁREA DE GOBERNO 2023-2027**ANUNCIO*

En data 28 de xuño de 2024 e posterior corrección de erros de 1 de xullo, ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía:

“DECRETO DO ALCALDE

*ESTRUTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS
(2023-2027)*

Trala constitución da nova corporación o pasado día 17 de xuño de 2023 e conforme o establecido no artigo 124.4.k) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local aprobouse por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior corrección de data 28.06.2024 a estrutura da administración municipal (2023-2027).

Como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira Dna. Patricia Iglesias López procede modificar a estrutura da administración municipal.

Co fin de mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregado esta Alcaldía en uso das facultades atribuídas no artigo 124.4 k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local no establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, RESOLVE

PRIMEIRO.- Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28.06.2023 de xeito que a administración do Concello de Vigo, baixo a superior dirección do Alcalde, estruturase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

- 1.1 Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade.
- 1.2. Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.
- 1.3. Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.
- 1.4. Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.
- 1.5. Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.



Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

- 1.6. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.
- 1.7. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.
- 1.8. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.
- 1.9. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais.
- 1.10 Portavocía do Goberno.
2. A Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:
 - 2.1. Concellería delegada de Cultura.
 - 2.2. Concellería delegada de Igualdade.
3. A Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:
 - 3.1. Concellería delegada de Deportes.
4. A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:
 - 4.1. Concellería Delegada de Medio Ambiente.
 - 4.2. Concellería Delegada de Educación e Normalización Lingüística
5. A Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:
 - 5.1. Concellería delegada de Participación Cidadá e Distritos.
6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:
 - 6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
 - 6.2. Concellería delegada de atención a cidadanía.
7. A Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:
 - 7.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.
8. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:
 - 8.1. Concellería delegada de Comercio.

SEGUNDO.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Vigo corresponden as áreas as competencias nas materias que a continuación se relacionan, nos termos que se determinen na resolución de delegación de atribucións do Alcalde e Xunta de Goberno Local:

1. **MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO.-** Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo; cultura; promoción de actividades



Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

culturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal; monumentos; igualdade; coordinación dos grandes eventos da cidade (actos de cidade).

2. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA.- Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fomento; obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; ciclo integral da auga; transporte público; parque móbil e parque central; electromecánicos; limpeza; xestión de residuos sólidos; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, campo de Fútbol da Madroa e Barreiro.; deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

3. ELENA ESPINOSA MANGANA.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fondos europeos: medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora; educación e normalización lingüística.

4. MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ.- Cuarta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planeamento urbanístico; xestión urbanística; licenzas; patrimonio municipal do solo; vivenda; rehabilitación e rexeneración urbana agás as competencias atribuídas a patrimonio histórico.

Adscríbese a está área o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

5. ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA. Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; voluntariado; patrimonio e participación cidadá, distritos; proposta de mellora na prestación de servizos de mantemento dos elementos "Vigo Vertical"; tecnoloxías e relación coas empresas.

6. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

As competencias municipais en materia de seguridade e mobilidade; ocupación de dominio público; policía local; servizo de extinción de incendios e salvamento; protección civil; contratación; festas; programación auditorio ao aire libre de Castrelos; organización e dirección dos órganos directivos; gabinete de alcaldía; protocolo; relacións públicas; transparencia; administración electrónica; protección de datos; datos abertos; axenda urbana; obxectivos do desenvolvemento sostible; recursos humanos e formación; réxime interior; arquivos; rexistros administrativos e información.



Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

7. YOLANDA AGUIAR CASTRO.- Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de familia e infancia; servizos sociais; atención as persoas maiores; inmigración e drogodependencia; turismo e xuventude.

8. JAIME ANEIROS PEREIRA.- Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

9. ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de zonas verdes ; comercio; venda ambulante; actividades feriais e mercados municipais; festas especiais.

10. CARLOS LÓPEZ FONT.- Portavocía do Goberno.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de relacións co pleno da corporación.

11. MARÍA OLGA ALONSO SUÁREZ.- Concelleira delegada de Normalización lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de normalización lingüística; educación; recursos humanos e formación.

12. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Concelleira delegada de Medio Ambiente.-

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora.

13. JOSE MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- Concelleiro delegado de Deportes.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira da área de goberno as competencias municipais en materia de deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

14. PABLO LUIS ESTÉVEZ RODRÍGUEZ.- Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do concelleiro de área de goberno as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos.



Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

15. MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO.- Concelleira delegada de Turismo e Xuventude.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de turismo e xuventude.

16. GORKA GÓMEZ DÍAZ.- Concelleiro delegado de Cultura.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de cultura; promoción de actividades socioculturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal.

17. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ.- Concelleira delegada de Igualdade e Comercio.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de igualdade e comercio.

18. PATRICIA IGLESIAS LÓPEZ.- Concelleira delegada de atención a cidadanía.

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da respectiva concelleira de área de goberno as competencias en materia en materia de rexistros; arquivos; estadística; conserxería; información e relacións coa cidadanía na prestación dos servizos de limpeza, ciclo da auga.

TERCEIRO.- As competencias nos concelleiros/as de área de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación, e coordinación política das áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo atribúese expresamente a ditos concelleiros a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados cando sexa susceptible deste.

CUARTO.- As competencias nos concelleiros/as delegados/as inclúen as facultades de dirección interna e xestión dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa delegación, incluída, a facultade de formular proposta de resolucións dos decretos que deban ser adoptados polo concelleiro/a de área de goberno e conformar, xunto con este, o informe-proposta dos acordos que se eleven a Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou Pleno, para súa aprobación.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO.- As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as de área de goberno e concelleiros/as delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

SÉTIMO.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá



Mércores, 10 de xullo de 2024

Núm. 134

ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

OITAVO.- As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación

NOVENO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

DÉCIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO SEGUNDO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

SGF

Vigo na data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

